



CONCELLO DE VIGO CONTRATAÇÃO

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 20 DE XANEIRO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 08:50 horas do día 20 de xaneiro de 2017, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 18 de xaneiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidentes: D. Carlos López Font

Vocais: D. Pablo Olmos Pita
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Óscar Couce Senra (asiste ao punto 1a)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste ao punto 1a)
D^a. María José Loureiro Bada (asiste ao punto 2a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente, procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (3815-440)

Entrégase o informe asinado o 18 de xaneiro de 2017 polo xefe de Limpeza, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" e proposta de clasificación.

A técnica de Fiscalización e Control Financeiro quere deixar constancia de que na acta da sesión do 29 de decembro (punto 3a) figura erroneamente no resultado da apertura económica que a empresa MANTELNOR, S.L. oferta unha bolsa de 3.200 horas anuais. O erro débese a que na proposición presentada pola empresa non coinciden o importe expresado en letra (3.100) co expresado en número (3.200).

Dada a prevalencia da letra sobre o número, enténdese que MANTELNOR, S.L. oferta unha bolsa de 3.100 horas anuais. Esta rectificación non afecta ao resultado da valoración.

Logo do estudo do informe citado, os membros da Mesa acordan, por unanimidade, a súa aceptación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 07:46	Páxina 1 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A747-C73444-56E6B8-8EWDRN-PPU51H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En base ao anterior e ao acordo adoptado na sesión do 18 de xaneiro de 2017, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Excluir a LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO, S.A. do procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (3815-440), por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas no prazo concedido para o efecto.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (3815-440) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U.	84,20
2	SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L. (STAR, S.L.)	78,96
3	SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL, S.L.)	61,81
4	OHL SERVICIOS INGESAN, S.A.	51,82
5	CLECE, S.A.	47,39

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, **MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U.**, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.778,07 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación.

2.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da Escola Infantil Municipal de Santa Marta - Casco Vello (17500-332)

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” da UTE GESTIÓN ESCUELAS INFANTILES MUNICIPALES.

Asiste á sesión Dª. Beatriz Vila Izquierdo, con DNI 53.184.265-P, en representación de AURORA, PILAR Y ANA, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 07:46	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A747-C73444-56E6B8-8EWDRN-PPU51H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 09:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 07:46	Páxina 3 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A747-C73444-56E6B8-8EWDRN-PPU51H-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		